



CONCEPCION CAMPOS ACUÑA, SECRETARIA DA XUNTA REITORA DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO.

CERTIFICO: Que a Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, en sesión ordinaria realizada o día 4 de decembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

12.- CONTRATO DE SUMINISTRO DE GASOLEO “C” PARA INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.(EXPTE 3465-11).

Examinadas as actuacións do expediente de acordo co informe prosta da mesa de contratación on formado polo Presidente do IMD con data 26 de novembro de 2015 e co informe de fiscalización de 30 de novembro de 2015, desenvólvese a seguinte proposta:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE GASOLEO “C” NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). EXPTE. 3465-11

1.- Lexislación aplicable:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustible de gasóleo “c” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes (expediente 3465/11)

2.- Antecedentes:

A Xunta Rectora do IMD a proposta da Mesa de Contratación do IMD, aprobou o pasado día 12 de novembro de 2015, clasificar en primeiro lugar á a empresa: Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049), sendo dúas as empresas que presentaron oferta, Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049) e Compañía Española de Petróleo SAU (CIF: A28003119), ambas aceptan integramente os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación sendo a baixa porcentual única de aplicación ós prezos unitarios para o gasóleo “C”, a seguinte:



- Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049) propón un 21,00 % de baixa.
- Compañía Española de Petróleo SAU (CIF: A28003119) propón un 19,20 % de baixa.

O criterio de adxudicación é a oferta economicamente máis vantaxosa e ven definido pola maior baixa porcentual única de aplicación.

A Mesa de Contratación de data 30 de outubro de 2015 por unanimidade clasifica de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo “C”, para as instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes (expediente 3465/11) no seguinte orde decrecente:

- 1º.- Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049) propón un 21,00 % de baixa.
- 2º.- Compañía Española de Petróleo SAU (CIF: A28003119) propón un 19,20 % de baixa.

Con data 13 de novembro o IMD notifica a empresa o acordo da Xunta Rectora, o tempo que solicita a presentación da documentación acreditativa previa para a tramitación da proposta de adxudicación definitiva.

A empresa Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049) presenta con data 24 de novembro no rexistro do IMD a seguinte documentación acreditativa de:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar (art. 60 do TRLCSP)
- Resgardo de ter constituída a garantía definitiva esixible de acordo o disposto na cláusula 22 do PCAP (polo importe de 6.818,18 €)
- Certificación de atoparse o corrente de pago das obrigas tributarias fronte o Estado, Comunidade Autónoma, e fronte á Tesoureira da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co esixido no apartado 14 a) da FEC.

3.- Fundamentos xurídicos

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta,



procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta Reitora do IMD, na súa calidade de órgano de contratación.

4.- Proposta:

En base os antecedentes expostos, e a correcta documentación presentada por Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049), a Mesa de Contratación de 26 de novembro, previo informe de fiscalización, propón a Xunta Rectora do IMD na súa calidade de órgano de contratación, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Adxudicar o contrato de subministro de gasóleo “C” nas instalacións dependentes do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, a Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049), cun orzamento máximo para vixencia do contrato de 165.000,00 (IVE engadido) e en base a súa oferta que contempla sobre os prezos unitarios de aplicación a este subministro:

- Unha baixa porcentual única de aplicación os prezos unitarios para o gasóleo “C” dun 21,00 %.

O prazo máximo do contrato será de dous anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta Reitora do IMD que rexen o presente contrato e a oferta presentada.

ACORDO:

A Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, con catro votos a favor dos vogais, Lago Rey, Rodríguez Giraldez, Gómez Díaz, e Fernández Pérez como Presidente, e coas abstencións dos vogais, Figueroa Vila, Gago Bugarín, López Barreira, Pérez Davila, Costas García e Rodríguez Paz, **acordou:**

Primeiro: Adxudicar o contrato de subministro de gasóleo “C” nas instalacións dependentes do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, a Gasóleos Amigo SL (CIF: B36736049), cun orzamento máximo para vixencia do contrato de 165.000,00 (IVE engadido) e en base a súa oferta que contempla sobre os prezos unitarios de



aplicación a este subministro:

- Unha baixa porcentual única de aplicación os prezos unitarios para o gasóleo “C” dun 21,00 %.

O prazo máximo do contrato será de dous anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta Reitora do IMD que rexen o presente contrato e a oferta presentada.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Sr. Presidente do IMD, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en Vigo a catro de decembro de dous mil quince.

Vºe Prace
O Presidente do IMD

Asdo. José Manuel Fernández Pérez

A Secretaria da Xunta Reitora do IMD

Asdo. Concepción Campos Acuña